

A C T A 4/2022
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 30 DE MARZO DE 2022 -

Na Casa do Concello, a trinta de marzo de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.^a Iria Otero Romero
D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar
D.^a María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a María Vázquez Rey
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a María Teresa Castro Framil
D.^a Lucía Calvo de la Uz
D.^a Margarita Rosende Domínguez
D. Roberto Moñino Gil
D.^a María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D.^a Carmen Diéguez González
D.^a Patricia Castelao Ferreiro

Non asiste, previa escusa:

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 29/12/21 E 02/02/2022**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 110/22 Á RES 407/22)**
- 3.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 4.- DACIÓN DE CONTA DA NOVA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS TRALA PRESENTACIÓN DO ESCRITO DE DATA 25/02/2022 (R.E. NÚM. 801) DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**
- 5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA DE MOROSIDADE E PMP 4º TRIMESTRE 2021**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACION DECRETO ALCALDÍA DE 8 DE MARZO CORRIXINDO O CONVENIO DO SAT – RES. 319.2022**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NO CRA DE DNA. PATRICIA CASTELAO FERREIRO**
- 8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA UNHA EFICIENTE DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS**
- 9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CONDENAR A INVASIÓN RUSA EN UCRAÍNA, MOSTRAR A SOLIDARIEDADE CO POBO UCRANIANO E DEMANDAR O RETORNO Á VÍA DIPLOMÁTICA PARA ACADAR A PAZ**
- 10.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓN NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS**
- 11.- MOCIÓNS**
- 12.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira do PSdeG-PSOE, D. Uxia Lemus de la Iglexia, por razón de enfermidade.

Pásase a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 29/12/21 E 02/02/2022.

Acta da sesión ordinaria do 29 de decembro de 2021

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 2 de febreiro de 2022

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 2 de febreiro de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 110/22 Á RES 407/22).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 18 de xaneiro ata o 24 de marzo de 2022, que comprenden os números 110 ao 407, indicando o sr. alcalde que xa foron remitidos coa convocatoria do Pleno.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación.

“DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

4.- DACIÓN DE CONTA DA NOVA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS TRALA PRESENTACIÓN DO ESCRITO DE DATA 25/02/2022 (R.E. NÚM. 801) DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O sr. alcalde da conta da nova composición das Comisións Informativas trala presentación do escrito de 25 de febreiro de 2022 polo grupo municipal do BNG (Rex. 9999 nº entrada 801), segundo o documento incorporado ao expediente que se reproduce a continuación.

“COMISIÓNS INFORMATIVAS CREADAS NO PLENO ORGANIZATIVO DE 8 DE XULLO DE 2019

- 1.- Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Sostibilidade e Servizos básicos.
- 2.- Comisión Informativa de Administración, Cultura, Educación, Seguridade cidadá, Participación veciñal e Deportes
- 3.- Comisión Informativa de Persoal, Comunicación, Normalización lingüística, Mocidade e Medio Natural.
- 4.- Comisión Informativa de Benestar social, Igualdade, Transportes, Turismo, Comercio e Emprego
- 5.- Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos, que asume as funcións da Comisión Especial de Contas.

A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:

- 3 concelleiros/as do PP
- 1 concelleiro/a de SONdeTEO
- 2 concelleiros/as do PSdeG-PSOE
- 1 concelleiro/a do BNG

O alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións Informativas, porén, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno

ESCRITOS DOS GRUPOS POLÍTICOS:

SON DE TEO - (REX. ENTRADA Nº 4629, de 10/07/2019, e R.E. Nº 4862, de 05.10.2020)

PSdeG-PSOE– (REX. ENTRADA Nº 398 (SEDE), de 09/07/2019)

PP – (REX. ENTRADA Nº 4661, de 12/07/19 E Nº 4900, de 29/07/19)

BNG - (REX. ENTRADA Nº4655, de 12/07/2019 E R.E. Nº 6074 de 04.12.2020)

BNG – (REX. ENTRADA Nº 801, de 25/02/2022)

1.- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, SOSTIBILIDADE E SERVIZOS BÁSICOS.

Presidente:

Rafael Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: M^a Dolores Nariño Facal

Antonio R. Sánchez Crespo (PP)

Suplente: María Vázquez Rey

Lucía Calvo de la Uz (PP)

Suplente: Margarita Rosende Domínguez

X. Ignacio Iglesias Villar (SdeT)

Suplente: Iria Otero Romero

Roberto Moñino Gil (PSdeG-PSOE)

Suplente: M.^a Josefa Argibay da Silva

Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: José Manuel Elías Noya

Patricia Castelao Ferreiro (BNG)

Suplente: Carmen Diéguez González

2.- COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN, CULTURA, EDUCACIÓN, SEGURIDADE CIDADÁ, PARTICIPACIÓN VECIÑAL E DEPORTES

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

María Vázquez Rey (PP)

Suplente: Lucía Calvo de la Uz

Antonio R. Sánchez Crespo (PP)

Suplente: M^a Dolores Nariño Facal

M^a Teresa Castro Framil (PP)

Suplente: Margarita Rosende Domínguez

X. Ignacio Iglesias Villar (SdeT)

Suplente: María López Álvarez

M.^a Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: Roberto Moñino Gil

Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. José Manuel Elías Noya

Patricia Castelao Ferreiro (BNG)

Suplente: Carmen Diéguez González

3.- COMISIÓN INFORMATIVA DE PERSOAL, COMUNICACIÓN, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, MOCIDADE E MEDIO NATURAL

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

María Vázquez Rey (PP)

Suplente: Margarita Rosende Domínguez

M^a Teresa Castro Framil(PP)

Suplente: Lucía Calvo de la Uz

M^a Dolores Nariño Facal (PP)

Suplente: Antonio R. Sánchez Crespo

Iria Otero Romero (SdeT)

Suplente: X. Ignacio Iglesias Villar

M.^a Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: Roberto Moñino Gil

José Manuel Elías Noya(PSdeG-PSOE)

Suplente: Uxía Lemus de la Iglesia

Carmen Diéguez González(BNG)

Suplente: Patricia Castelao Ferreiro

4.- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, TRANSPORTES, TURISMO, COMERCIO E EMPREGO

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

M^a Dolores Nariño Facal (PP)

Suplente: M^a Teresa Castro Framil

Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: Lucía Calvo de la Uz

María Vázquez Rey (PP)

Suplente: Antonio R. Sánchez Crespo

María López Álvarez (SdeT)

Suplente: X. Ignacio Iglesias Villar

M.^a Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: Roberto Moñino Gil

José Manuel Elías Noya(PSdeG-PSOE)

Suplente: Uxía Lemus de la Iglesia

Carmen Diéguez González(BNG)

Suplente: Patricia Castelao Ferreiro

5.- COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ASUNTOS ECONÓMICOS, QUE ASUME AS FUNCIÓNS DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Presidente:

Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Vogais:

José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: Antonio R. Sánchez Crespo

Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: M^a Teresa Castro Framil

Lucía Calvo de la Uz(PP)

Suplente: M^a Dolores Nariño Facal

Iria Otero Romero (SdeT)

Suplente: María López Álvarez

Roberto Moñino Gil (PSdeG-PSOE)

Suplente: M.^a Josefa Argibay da Silva

Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: José Manuel Elías Noya

Patricia Castelao Ferreiro (BNG)

Suplente: Carmen Diéguez González”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA DE MOROSIDADE E PMP 4º TRIMESTRE 2021.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería, de 25 de marzo de 2022, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, polo que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais correspondente ao cuarto trimestre de 2021.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACION DECRETO ALCALDÍA DE 8 DE MARZO CORRIXINDO O CONVENIO DO SAT – RES. 319.2022.

O sr. alcalde da conta da proposta de 21 de marzo de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 24 de marzo de 2022.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Por Resolución da Alcaldía do 8 de marzo de 2022 acordouse corrixir o erro material detectado no anexo do Convenio aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión de 29 de setembro de 2021, e asinado o 11 de outubro de 2021 entre o Concello de Teo e o

Concello de Ames, para a xestión compartida do servizo de atención temperá, no marco da Rede galega de atención temperá, modificando o recollido no apartado denominado “Representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de Política Social”, de tal forma que onde se establece “Berta Conde López, con DNI:...”, se estableza “Rafael Carlos Sisto Edreira, con DNI....”

Considerando que resultaba preciso proceder de forma inmediata a corrixir o erro descrito, tanto polo Concello de Teo como polo de Ames, co fin de presentar en prazo a solicitude da subvención, ditouse a mencionada Resolución da Alcaldía.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía de 8 de marzo de 2022 (Res 319/22), de corrección de erro material detectado no anexo do Convenio aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión de 29 de setembro de 2021, e asinado o 11 de outubro de 2021 entre o Concello de Teo e o Concello de Ames, para a xestión compartida do servizo de atención temperá, no marco da Rede galega de atención temperá, que se transcribe a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: *Corrección Convenio SAT: Representación para solicitar a subvención de atención temperá.*

EXPEDIENTE: *2022/G003/000331*

Considerando que no anexo ao Convenio asinado o pasado 11 de outubro de 2021 entre o Concello de Teo e o Concello de Ames para a xestión compartida do servizo de atención temperá se estableceu como representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de Política Social, a Berta Conde López, coordinadora dos servizos sociais do Concello de Teo, e persoa técnica encargada da coordinación en materia da subvención autonómica que financia este servizo.

Considerando que, segundo a información facilitada pola Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia, departamento autonómico responsable da xestión da subvención convocada a través da Orde do 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, a representación para a solicitude desta axuda debe ser exercida por un dos representantes legais dos concellos conveniados.

Considerando que, pese a que o Convenio citado foi aprobado polo Pleno do Concello de Ames, con data de 2 de setembro de 2021, e do Concello de Teo, con data de 29 de setembro de 2021, o prazo de solicitude da subvención remata o día 9 de marzo de 2022, momento no que ten que atoparse corrixido o tema sinalado referido á representación.

Considerando que o Concello de Teo foi definido no mesmo anexo do Convenio citado como Concello designado para a xestión e xustificación da subvención, determinándose que será este o que recibirá os fondos procedentes desta liña de axudas.

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Considerando que neste suposto trátase de rectificar un erro material no acordo plenario do 29 de setembro de 2021, concretamente na información recollida no anexo ao Convenio relativa ao representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención.

Considerando que resulta preciso proceder de forma inmediata a corrixir o erro descrito, tanto polo Concello de Teo como polo de Ames, co fin de presentar en prazo a solicitude da subvención.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro .- *Corrixir o erro material detectado no anexo do Convenio aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión de 29 de setembro de 2021, e asinado o 11 de outubro de 2021 entre o Concello de Teo e o Concello de Ames, para a xestión compartida do servizo CVD: ARG5n8t4fupsGiCDI3ZG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, modificando o recollido no apartado denominado “Representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de Política Social”, de tal forma que onde se establece “Berta Conde López, con DNI:77407883A”, se estableza “Rafael Carlos Sisto Edreira, con DNI: 33252651X”.*

Segundo .- *Remitir certificación da presente á Xunta de Galicia para a súa toma en consideración no expediente de solicitude da subvención á entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá.*

Terceiro .- *Notificar a presente ao Concello de Ames, comunicándolle a necesidade de proceder de forma inmediata a corrixir o erro material detectado no anexo do Convenio, segundo se describe no presente, para poder realizar en prazo a solicitude da subvención.*

Cuarto .- *Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre para a súa ratificación. “.*

Segundo.- *Dar traslado do presente acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, ao Concello de Ames e aos servizos sociais municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos”.*

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Ratificar a Resolución da Alcaldía de 8 de marzo de 2022 (Res 319/22), de corrección de erro material detectado no anexo do Convenio aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión de 29 de setembro de 2021, e asinado o 11 de outubro de 2021 entre o Concello de Teo e o Concello de Ames, para a xestión compartida do servizo de atención temperá, no marco da Rede galega de atención temperá, que se transcribe a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Corrección Convenio SAT: Representación para solicitar a subvención de atención temperá.

EXPEDIENTE: 2022/G003/000331

Considerando que no anexo ao Convenio asinado o pasado 11 de outubro de 2021 entre o Concello de Teo e o Concello de Ames para a xestión compartida do servizo de atención temperá se estableceu como representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de Política Social, a Berta Conde López, coordinadora dos servizos sociais do Concello de Teo, e persoa técnica encargada da coordinación en materia da subvención autonómica que financia este servizo.

Considerando que, segundo a información facilitada pola Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia, departamento autonómico responsable da xestión da subvención convocada a través da Orde do 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, a

representación para a solicitude desta axuda debe ser exercida por un dos representantes legais dos concellos conveniados.

Considerando que, pese a que o Convenio citado foi aprobado polo Pleno do Concello de Ames, con data de 2 de setembro de 2021, e do Concello de Teo, con data de 29 de setembro de 2021, o prazo de solicitude da subvención remata o día 9 de marzo de 2022, momento no que ten que atoparse corrixido o tema sinalado referido á representación.

Considerando que o Concello de Teo foi definido no mesmo anexo do Convenio citado como Concello designado para a xestión e xustificación da subvención, determinándose que será este o que recibirá os fondos procedentes desta liña de axudas.

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Considerando que o último dos artigos citados establece que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Considerando que neste suposto trátase de rectificar un erro material no acordo plenario do 29 de setembro de 2021, concretamente na información recollida no anexo ao Convenio relativa ao representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención.

Considerando que resulta preciso proceder de forma inmediata a corrixir o erro descrito, tanto polo Concello de Teo como polo de Ames, co fin de presentar en prazo a solicitude da subvención.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro .- *Corrixir o erro material detectado no anexo do Convenio aprobado polo Pleno da Corporación, na sesión de 29 de setembro de 2021, e asinado o 11 de outubro de 2021 entre o Concello de Teo e o Concello de Ames, para a xestión compartida do servizo CVD: ARG5n8t4fupsGiCDI3ZG Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, modificando o recollido no apartado denominado “Representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de Política Social”, de tal forma que onde se establece “Berta Conde López, con DNI:77407883A”, se estableza “Rafael Carlos Sisto Edreira, con DNI: 33252651X”.*

Segundo .- *Remitir certificación da presente á Xunta de Galicia para a súa toma en consideración no expediente de solicitude da subvención á entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá.*

Terceiro .- *Notificar a presente ao Concello de Ames, comunicándolle a necesidade de proceder de forma inmediata a corrixir o erro material detectado no anexo do Convenio, segundo se describe no presente, para poder realizar en prazo a solicitude da subvención.*

Cuarto .- *Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre para a súa ratificación. “.*

Segundo.- **Dar traslado do presente acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, ao Concello de Ames e aos servizos sociais municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos.**

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NO CRA DE DNA. PATRICIA CASTELAO FERREIRO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 10 de marzo de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración,

cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 24 de marzo de 2022.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno da Corporación, na sesión do 03/03/2021, aprobou a “Proposta da Alcaldía de nomeamento de membro do grupo municipal do BNG no CRA de Teo”.

En dita proposta designouse, para o Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado) ao concelleiro do grupo municipal do BNG D. Manuel Barreiro Rozados.

En data 09 de xaneiro de 2022 (registro de entrada núm. 33 do 09/01/2022) o concelleiro sr. Barreiro Rozados presentou escrito solicitando que se fixera efectiva a renuncia á súa acta de concelleiro da Corporación local. O Pleno da Corporación tomou coñecemento da mesma na sesión plenaria do 02/02/2022.

En data 23/02/2022 tomou posesión, como nova concelleira do grupo municipal do BNG Dna. Patricia Castelao Ferreiro.

Sendo necesario o nomeamento dun/ha novo/a representante da Corporación no Consello Escolar do C.R.A. de Teo, esta Alcaldía solicitou ao grupo municipal do BNG a designación dunha concelleira de dito grupo.

En data 25/02/2022 (registro de entrada núm. 800), Dna. Patricia Castelao Ferreiro presentou escrito comunicando que dita representante será ela mesma.

Á vista do disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno é o que debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear á concelleira Dna. Patricia Castelao Ferreiro como representante desta Corporación no Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á concelleira e notificalo ao C.R.A. de Teo, para o seu coñecemento e efectos oportunos”.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Nomear á concelleira Dna. Patricia Castelao Ferreiro como representante desta Corporación no Consello Escolar do C.R.A. (Colexio Rural Agrupado).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á concelleira e notificalo ao C.R.A. de Teo, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA UNHA EFICIENTE DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.^a Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo de 17 de marzo de 2022 (rex. entrada nº 1.243, de 17/03/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 24 de marzo de 2022.

“MOCIÓN PARA UNHA EFICIENTE DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

Exposición de motivos

Unha eficiente depuración das augas residuais antes de devolvelas á natureza non só é indispensable para a protección do medio ambiente senón que é tamén unha obriga legal. Porén, hai tempo que se veñen repetindo as denuncias de cidadás e cidadáns manifestando a insuficiente depuración de moitas das depuradoras do concello, a maioría de xestión municipal. O BNG, pola súa parte, ten comprobado recentemente como o efluente das depuradoras de Calo e Cornide presentaba coloración esbrancuxada e mal olor nas inmediacións, deixando restos de materia orgánica e lodos, non imputables a un lavado accidental por chuvias torrenciais porque a visita foi realizada tras semanas de escasas ou nulas chuvias. A situación de deficiente funcionamento e vertido de augas sen completa depuración vense manifestando, nestas e noutras depuradoras, desde tempo atrás, como se tiña comprobado en visitas anteriores.

Na “*Memoria xustificativa da proposta de xestión directa do servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais do concello de Teo*” do ano 2015 moitas das depuradoras eran cualificadas de “obsoletas técnica e ambientalmente”. Chegado o 2022, é tempo de facer unha revisión a fondo do funcionamento de cada unha das depuradoras en orde a adoptar as medidas pertinentes para que os efluentes sexan aptos para a súa incorporación ao medio natural.

É por todo o anterior que o BNG propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

O goberno municipal procederá a elaborar un estudo pormenorizado do funcionamento das depuradoras da súa competencia e, en función del, adoptará as medidas necesarias para garantir unha correcta depuración das augas residuais que, a día de hoxe, son de xestión municipal.

Así mesmo, o goberno demandará a quen corresponda a revisión e adaptación á vixente normativa de vertidos das depuradoras que non xestiona e das que hai indicios de funcionamento deficiente”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, sinala que dende o PSOE van a apoiar a moción e instar ao goberno municipal a que traballe para mellorar o deficiente funcionamento das depuradoras de augas no Concello, se é preciso, e parece que o é polas múltiples queixas que se reciben da veciñanza, que se proceda a facer unha revisión a fondo do funcionamento das depuradoras e que se inste a quen corresponda a que tomen as medidas pertinentes para solventar esta situación de insalubridade que está a padecer pola veciñanza do Concello.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen di que eles tamén a van a apoiar porque tamén pelexaron moito porque se corrixiran eses verquidos e aínda que a verdade é que se fixo algún progreso queda moito por facer, polo que o voto do seu grupo vai ser afirmativo.

O sr. alcalde sinala que tamén van a apoiar a moción, aínda que hai que aclarar algunhas cuestións. En primeiro lugar, indica, para que quede claro, que todas as depuradoras son de xestión municipal, e a única responsabilidade da xestión é municipal. Aí hai que diferenciar claramente dous tipos de depuradoras, unhas son as EDAR de Calo, Tilos e Pontevea, que son as grandes, e o sistema que a Xunta definiu para a depuración de Teo, e de aí a obriga de ir a ese modelo. É dicir, que o obxectivo

non pode ser outro que o da supresión de todas as outras depuradoras que non sexan esas, porque é o modelo definido, aínda que enerxéticamente sexa un custo moi importante mandar todo para esas tres depuradoras.

Salienta que, en canto ao funcionamento desas tres depuradoras, están moi controladas. Sinala que remitiu un correo electrónico, á sra Castelao, que o mandará no día de mañá ao resto dos concelleiros, que é o último informe, pois cada tres meses fanse analíticas de organismos externos sobre o funcionamento desas EDAR e a última é do 15 de febreiro, cando se fixo a última revisión. A situación está moi ben con respecto a esas tres depuradoras, pensa que se mellorou moito en relación a cando a xestión era privada, pois ademais de un informe exhaustivo de cada depuradora fanse as recomendacións que consideran relevantes para iso e dáse unha cualificación. Indica que nestes intres a EDAR de Calo-Milladoiro cumpre todas as esixencias das directivas da CEE e a calidade global da EDAR é boa. A dos Tilos, que é a máis vella, cumpre tamén todas as esixencias das directivas e a valoración da capacidade global é aceptable, e a de Pontevea ten tamén o cumprimento de todas as esixencias e unha valoración de calidade global boa. É dicir, que se está a cumprir estritamente nos verquidos e en todo o que se determina nesas depuradoras grandes e, na medida do posible, polos custos e demais, vanse adoptando as recomendacións que para cada unha delas se indica.

Sinala o sr. alcalde que, de todas formas, non hai problema en facer unha valoración técnica das outras depuradoras que nos últimos cinco anos se reduciron en cinco ou seis, é dicir, que se eliminaron para transformalas en bombeo ou para conducilas e agrupalas noutra depuradora, como pasou coa de Francos, a de Espasande, a de Insua, a de Sestelo, que se foron eliminando. Isto foi así porque esas depuradoras en realidade non son depuradoras, senón que son fosas, e teñen un tratamento moi primitivo. Sinala o sr. alcalde que unha depuradora en condicións neses sitios ascendería tranquilamente a 800.000 €, engadindo que as alternativas serían buscar redes de bombeo que eliminen e que manden todo ás outras depuradoras. Realmente ese vai a ser o único proceso efectivo, o resto é paliativo. Inténtanse limpar cos camións cada 15 días, pero é certo que moitas veces sofren obturacións porque están na situación que están. Remata o sr. alcalde a súa intervención sinalando que se

comprometen a facer en todo caso ese estudo e ver unha programación de custes de eliminación total, pero que entende que iso é un “*pastiza*” de cara ao futuro.

A portavoz do BNG, sra. Castelao, sinala que viu o correo que lle remitiu o sr. alcalde e é certo que as EDAR están controladas e teñen unha calidade global boa, ou estiman que a valoración é boa, pero dende o seu grupo refírense máis que nada a esas fosas, esas depuradoras que están vertendo auga aos ríos. Pensa que, tratándose do sistema de canalizar e todo o que indicaba o sr. alcalde, o problema é da visión de depuración, que pode ser distinta e pode ter outro proceso, outro sistema. Di que lle gustaría que lle botaran un ollo a esas depuradoras “*in situ*” e se considere se se pode facer algo ou non, aínda que dende o seu grupo pensan que si, e non só na eliminación, canalización e todo iso senón que mais que centralizar habería que descentralizar o sistema.

O sr. alcalde pide que, en todo caso, na medida en que alguén teña coñecemento de calquera vertido, que o trasladen, canto antes mellor, porque é a única forma posible de minimizalo. Sinala que obturacións hai xa non só na depuradora senón nas conducións e poden pasar en calquera momento, entón a medida máis drástica é chamar a avarías a Augas para que o solucione. Insiste o sr. alcalde en que se avise, engadindo que ás veces tampouco é culpa da depuradora, como se teñen dado casos.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 7 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda que o goberno municipal procederá a elaborar un estudo pormenorizado do funcionamento das depuradoras da súa competencia e, en función del, adoptará as medidas necesarias para garantir unha correcta depuración das augas residuais que, a día de hoxe, son de xestión municipal.

Así mesmo, o goberno demandará a quen corresponda a revisión e adaptación á vixente normativa de vertidos das depuradoras que non xestiona e das que hai indicios de funcionamento deficiente.

9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CONDENAR A INVASIÓN RUSA EN UCRAÍNA, MOSTRAR A SOLIDARIEDADE CO POBO

UCRANIANO E DEMANDAR O RETORNO Á VÍA DIPLOMÁTICA PARA ACADAR A PAZ.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.^a Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 17 de marzo de 2022 (rex. entrada nº 1.242, de 17/03/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 24 de marzo de 2022.

“Moción para condenar a invasión rusa en Ucraína, mostrar a solidariedade co pobo ucraniano e demandar o retorno á vía diplomática para acadar a paz

O Grupo Municipal do BNG do concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción

Exposición de motivos:

O pasado 24 de febreiro a Federación rusa ocupou parte do territorio da República Popular de Ucraína e desde ese momento foise desenvolvendo un conflito bélico con consecuencias devastadoras para a poboación ucraniana. Para alén das vítimas directas -persoas mortas e feridas-, estamos a asistir ao exilio forzoso de milleiros de persoas que está dando lugar a unha crise de refuxiados/as de enorme magnitude. De continuar esta escalada bélica as consecuencias poden ser impredecíbeis para o conxunto de Europa e do mundo.

Despois da guerra e da terríbel perda de vidas humanas, están os importantes problemas psicolóxicos e económicos que o conflito deixa ao seu paso, algo que agudiza a crise provocada pola situación pandémica xa de por si complicada, e que se vai tardar anos en superar.

Por iso, e fronte a calquera conflito, as institucións democráticas temos que defender firmemente o diálogo como único mecanismo para a superación das diferenzas e a paz como único camiño posíbel. Máis unha vez, o nacionalismo galego condena calquera acto de guerra e acredita na solución negociada aos conflitos, ao mesmo tempo que se compromete a traballar para artellar mecanismos de axuda humanitaria, a comezar desde os propios concellos do noso país.

Urxe reclamar o cese inmediato dos combates na Ucraína e a volta á vía diplomática para resolver este conflito. O único camiño é a paz a través dunha desescalada militar e unha aposta firme polo diálogo, no marco de organizacións como a ONU ou a OSCE. É a través destes

mecanismos que se poderá lograr unha solución estábel e duradeira para este conflito, sempre sobre a base do respecto á soberanía dos pobos e á cultura da paz.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1. Condenar a agresión de Rusia a Ucraína e mostrar a total solidariedade co pobo ucraíno.**
- 2. Esixir un inmediato alto o fogo e a retirada das tropas rusas do territorio ucraíno.**
- 3. Solicitar respecto para o dereito internacional, os dereitos humanos e os Acordos de Minsk, e que se traballe pola resolución do conflito no marco da ONU e da OSCE.**
- 4. Demandar o retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas para acadar acordos de paz duradeiros.**
- 5. Apoiar e colaborar nas medidas de axuda humanitaria que se decidiren para facer fronte á crise de persoas refuxiadas”.**

Aberta a primeira quenda de intervencións, a concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, di que como non pode ser de outra maneira dende o grupo municipal socialista, ao igual que dende o goberno central de España, condenan a invasión Rusa en Ucraína e amosan a súa solidariedade co pobo ucraniano.

Así mesmo consideran que é ao goberno de España a quen lle corresponde tomar as medidas pertinentes, tanto de condena á invasión rusa como de colaboración co goberno e coa poboación ucraniana.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que evidentemente o PP tamén vai a apoiar esta moción, como tampouco podía ser doutra forma, porque o PP non cambia de posición ao respecto. O que está sucedendo é unha atrocidade e condenan sempre dende Franco, Stalin, Lenin, Hitler, Castro, Maduro e dende logo a Putin e calquera réxime separatista, totalitario e ditatorial apartado da democracia, calquera deles.

Di a sra. Calvo que lle sorprende moito que chegue esta moción aquí, e ao resto dos concellos, porque é o propio BNG quen o día 8 deste mesmo mes de marzo, no Parlamento de Galicia, impediu que se lera unha declaración institucional en contra da invasión a Ucraína. Non entende moi ben a quen vén esta moción agora, e que sentido

tería, pregunta se cambiou tanto a cousa dende o 8 de marzo ata agora. Pensa que o que cambiou aquí é que tanto a opinión pública como a prensa se lles foi enriba e está clarísimo que con esta moción o que tentan é branquearse ante a xente, porén a xente non é tonta. Di a sra. Calvo que quere salientar ata onde chega a irresponsabilidade do BNG, que no Congreso, o sr. Rego, deputado do BNG e socio do goberno, xa que lles facilitou a investidura facendo de bisagra, non se lle ocorre outra temeridade que dicir que hai que disolver a OTAN, xusto o que se precisa neste momento que se está vivindo internacionalmente.

A sra. Calvo pensa que o sr. Rego está nos mundos do idealismo. Sinala que é certo que nun mundo perfecto o correcto, o ideal, é que non houbera conflitos internacionais nin sequera nacionais, invasións, guerras, etc, pero resulta que este non é un mundo perfecto, senón todo o contrario, é un mundo bastante imperfecto. Salia que ela non coñece a ninguén que lle gusten as guerras salvo algún loco coma o sr. Putin e asegura que a ela non lle gustan, pero os países teñen que ter con que defenderse e a OTAN non é guerra, é defensa. Pregunta a sra. Calvo se non se dan conta de que estamos a vinte kilómetros doutro continente, en España, por exemplo. Di que se a Marrocos agora se lle *cruza o cable*, non se vai a ir con pancartas pedindo por favor que non nos invadan. Salia que evidentemente a ninguén lle gustan as armas e que ela as detesta, e calquera forma de violencia, pero hai que estar cos pés na terra.

Sinala a sra. Calvo que aquí hai tolos de todos os tinxes políticos, e o sr. Putin é un digno herdeiro do imperio comunista, coma un comunista totalitario moi particular, xa que por un lado abraza e aproveítase dos mercados liberais e por outro exerce o que coñecemos como tiranía comunista.

A sra. Calvo, dirixíndose ás concelleiras do BNG, pregunta se creen que vai chegar máis o mensaxe de condena dende o Concello que dende o Parlamento de Galicia, engadindo que se é así entón hai un montón de organismos que sobran, que habería que enviar a moción á ONU, á OTAN, ao Consello de Seguridade... Pregunta a sra. Calvo para que están entón os organismos internacionais, e os gobernos centrais e os autonómicos, para que hai un corpo enteiro de Diplomacia.

A sra. Calvo dille ao sr. alcalde que se o vai solucionar o Concello haberá que organizar unha viaxe a Ucraína ou a Moscova. Dirixíndose ao BNG dille que se deixen de demagoxias e mais con este tipo de problemáticas, que apoiem ao goberno central e aos gobernos das Comunidades Autónomas, que sexan responsables e se deixen de xogos puerís, porque o mundo non está para xogos e o taboleiro internacional é moi complicado. Insiste a sra. Calvo na idea de que o único sentido desta moción é para intentar lavarlle a cara ao BNG, pero que aínda así eles por coherencia van votar que si, aínda que, de ser eles os que presentaran a moción, non sabe se o BNG a apoiaría.

Intervén o concelleiro de Son de Teo, sr. Igrexas, quen lle da a razón á sra Calvo, indicando que en Son de Teo odian tanto as armas que incluso pensan que para apoiar a moción proporían un punto sexto que sería a oposición ao envío de armas dende o Estado Español a Ucraína porque consideran que os envíos de armas o único que fan é botar máis leña ao conflito e que haxa máis ucraínos que non lles permiten saír e lles obrigan a quedar dentro para ser carne de canón dun conflito que non se soluciona cos envíos de armas, senón máis ben ao revés. Pensa o sr. Igrexas que si que hai xente á que lle gustan as guerras e que hai moita xente que se fai moi rica coas guerras, e os fabricantes de armas dende logo moi mal non lle veñen as guerras, máis ben equilíbranlle as balanzas de anos de paz. Simplemente quería propoñer iso, se admiten un punto sexto apoiarían a moción senón absteríanse porque consideran que é incompleta.

A sra. Diéguez sinala que elas tamén estamos en contra do envío de armas, e que non hai ningunha contradición, polo que non teñen ningún problema en admitir ese punto, porque é unha das cousas que o BNG tamén defende.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a sra. Argibay entende que este tipo de asuntos non se van a resolver aquí, que lles parece populista e absurdo, polo que non van a apoiar a moción.

A sra. Calvo sinala que quere puntualizar unha cousa. Di que esta, máis que unha guerra, é unha invasión, é dicir, hai un segundo país en conflito que é invadido por outro. Quere deixar claro que as armas aquí estanse enviando para que se defenda o pobo ucraniano, engadindo que descoñece se é a mellor forma ou non, pero neste

caso non é un envío para encizañar, engadindo que considera que precisamente non é ela sospeitosa de apoiar ao goberno central, pero que as cousas cando son, son. Reitera que so quería puntualizar iso, pero que de todas formas van apoiar a moción.

A secretaria toma a palabra e indica que independentemente de que entre todos estean de acordo, a forma de presentar as emendas, é facelo antes da deliberación do asunto e fundamentalmente tamén utilizar unha forma escrita para que teñan todos claro cal é o texto da emenda. Pídelle ao sr Igrexas que explicita ben cal sería o texto exacto da moción para que as/os concelleiros/as, no seu caso, saiban o que se está a votar.

O sr Igrexas indica que o texto a engadir como punto sexto sería “*Opoñerse ao envío de armas dende o Estado español a Ucraína*”.

A continuación dáse conta de que se vai a proceder a someter a votación a emenda formulada polo sr. Igrexas e a continuación, en función do resultado, a moción do BNG emendada ou a moción tal e como se presentou.

Sometida a votación a emenda formulada polo sr. Igrexas, obtense o seguinte resultado:

Votos a favor – 16 (4 Son de Teo, 3 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG)

Votos en contra – 0

Abstencións – 0

De acordo co resultado da votación, procédese a someter a votación a moción do BNG emendada polo sr. Igrexas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con trece votos a favor (4 Son de Te 7 PP e 2 BNG) e tres abstencións (3 PSdeG-PSOE), acorda:

- 1.- Condenar a agresión de Rusia a Ucraína e mostrar a total solidariedade co pobo ucraíno.**
- 2.- Esixir un inmediato alto o fogo e a retirada das tropas rusas do territorio ucraíno.**

3.- Solicitar respecto para o dereito internacional, os dereitos humanos e os Acordos de Minsk, e que se traballe pola resolución do conflito no marco da ONU e da OSCE.

4.- Demandar o retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas para acadar acordos de paz duradeiros.

5.- Apoiar e colaborar nas medidas de axuda humanitaria que se decidiren para facer fronte á crise de persoas refuxiadas.

6. - Opoñerse ao envío de armas dende o Estado español a Ucraína.

10.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓN NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira do BNG, D.^a Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 18 de marzo de 2022 (rex. entrada nº 1.282, de 18/03/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 24 de marzo de 2022.

“Moción relativa ás actuacións que deben impulsar os gobernos galego e centra para mitigar o impacto do medre disparado da inflación na sociedade e economía galegas.

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de

compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos afrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5%% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.
2. Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.
3. Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.
4. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.
5. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.
6. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.
7. Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.
8. Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

9. Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, sinala que o BNG chega un pouco tarde porque a maioría destas medidas que piden xa se están tomando dende o goberno central. De todos xeitos o seu grupo entende que non é este o lugar no que se debe de tratar este tema, xa que pouco ou nada se pode a facer ao respecto dende o ámbito municipal. Sinala que hai outros ámbitos onde levar esta proposta, mesmo a través do deputado do BNG no Parlamento de Madrid, e por tanto instan a que sexa alí onde presenten esta proposta. Consideran que neste pleno municipal hai que centrarse en tratar os asuntos que son da competencia do Pleno, como así se está facendo dende o grupo socialista, para tratar de buscar solucións ás cuestións municipais que son as que competen directamente e o resto son populismos que teñen moi pouco recorrido.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez sinala que hai uns días Ana Pontón, no ton aireado particular que lle caracteriza e ese día máis, porque debeu de almorzar leite con cereais da UPG, lle dicía ao presidente Feijoo que o Parlamento non era o Senado, cando presentaba estas medidas, que se mencionan nesta mesma moción. Pregúntase o sr. Sánchez que se Feijoo non podía presentar no Parlamento medidas que afectaban a Galicia e facía reivindicacións de Galicia con respecto ao Estado, que pintará esta moción neste Pleno. Entende que é unha emenda á totalidade á voceira nacional do BNG. Di o sr. Sánchez que pensaba que xa quedarán no esquecemento aqueles Plenos nos que o BNG en Teo ocupaba ou copaba as tres cuartas partes do tempo ou os Plenos íntegros en cuestións e mocións que non tiñan absolutamente nada que ver coas competencias

municipais, pero lamentablemente todo termina volvendo, as modas volven de novo e espera e agarda que esta moda sexa, coma outras moitas, unha moda pasaxeira.

O sr. Sánchez pídelles ás concelleiras do BNG que empreguen este tempo para ir a Madrid e falar cos seus socios de goberno, que falen con eles, que os teenses e as teenses non teñen culpa de que o BNG sexa un cero á esquerda para o goberno de Sánchez, a pesar do cal lles votan. Pídelles que deixen de votalo, pero tantas veces berraron aquilo de que *“mexan por nós e dicimos que chove”* que cando teñen a oportunidade de non facelo o fan máis que nunca, permítenlle que o faga e ademais inda por riba lles votan favorablemente. Di o sr. Sánchez que o BNG ten o que quere.

Considera o sr. Sánchez que son tantas as medidas que se formulan na moción e tan importantes, tan relevantes, que cada medida daría practicamente para un Pleno, así que loxicamente non se van a meter en cada medida. Sinala que no fondo están de acordo con esa proposta e están de acordo entre outras cousas porque hai moitas medidas que se dixo aquí que se levaron despois ao Pleno do Parlamento e que tamén o goberno de España aprobou. Pero independentemente de que estean de acordo ou non coas medidas que se aprobaron nun estamento ou noutro, en calquera caso tamén considera, concordando coa representante do PSOE, que todo isto chega tarde. Entende que esta moción se presentou de forma previa ao anuncio das medidas. O goberno galego, sinala, presentou unha serie de medidas moi transversais que afectaban tanto ás familias coma a sectores estratéxicos moi concretos coma ás pequenas e medianas empresas de forma xeral. Cita por exemplo o bono social térmico, a 66.000 fogares, o anticipo de axudas ao sector gandeiro, con respecto do sector do mar a compensación de taxas portuarias, a inspección do transporte público por carreteira, unha nova liña de axudas do IGAPE, o programa de préstamos directos para a industria manufactureira, flexibilización de pago de préstamos, bono enerxético para pequenas e medianas empresas para equipamentos de redución de enerxía, o novo bono turístico, etc. En definitiva, pensan que esta moción ademais de ser absolutamente extemporánea e incompetencial por chamarlle dalgunha forma, porén como na filosofía a comparten, por esteo motivo vanse a abster por ese motivo, porque por unha parte comparten a filosofía e por outra parte pensan que é absolutamente extemporánea.

Intervén o portavoz de Son de Teo, sr. Igrexas, quen sinala que están de acordo a nivel xeral co que formula a moción, e polo tanto vana apoiala.

A concelleira do BNG, sra. Diéguez, di que é certo que son moitas medidas porque non é unha cuestión baladí, é unha crise tremenda, hai unha inflación grandísima onde a xente cando vai ao supermercado o que antes compraba con dez euros agora necesita vinte, entón é unha forma de reducir os soldos sen reducilos, algo que acontece en todas partes, e en Teo tamén. Sinala a sra. Diéguez que, segundo se di, non é unha cuestión municipal, pero en Teo tamén subiron os prezos no supermercado, e os soldos non o fixeron.

Sinala a sra. Diéguez que, con respecto a levar o tema a outros foros, claro que o van levar, a todos os foros que teñan ao seu alcance, a todas partes, que non se van render e van loitar para que se tomen medidas para paliar esta crise que está padecendo a xente, que está sufrindo a poboación máis vulnerable.

Sinala que van a ir a presentala en todos sitios e tamén van ir á rúa, o domingo está convocada unha manifestación, o día 3 de abril ás 12.00 da mañá, que sae da praza do 8 de marzo, e aí farán chegar a voz da xente para que se decaten en todas partes, tamén o goberno de Pedro Sánchez.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, non fai uso da súa quenda.

O concelleiro do PP, sr Sánchez, sinala que está totalmente de acordo coa sra. Diéguez con que isto tamén lle afecta aos teenses. Lembra tamén que a moción que levaron eles con respecto ao sector cárnico tamén lle afectaba aos teenses e o BNG polo mesmo motivo, por amiguismo co goberno central, non fixeron o que correspondía e votaron en contra dos intereses dos teenses. Pídelle que llo diga a aqueles dos que son muleta, pero que non lles faga perder máis tempo aos teenses, porque sabe de sobra que o Concello non ten competencias nesta cuestión. Sinala que se se queren manifestar, poden facelo, xa que estamos en pleno ano 2022, hai redes sociais, hai vías de comunicación múltiples, poden facer un podcast no que falar horas acerca diso, poden facer unha canle de YouTube un vídeo titorial acerca de toda a problemática, do que fan co goberno central, do que deixan de facer, do dobre discurso

que teñen nunha parte. Sinala que poden manifestarse en moitas lides, pero que xa vai case unha hora de Pleno da cal practicamente cincuenta minutos estiveron dedicados a isto e os teenses non teñen por que estar aturando isto. O sr. Sánchez di que concorda ao cen por cen co PSOE de que se traian asuntos que afecten aos teenses e nos que o Concello teña competencias, engadindo que nisto é claro o posicionamento do seu grupo. Remata o sr. Sánchez a súa intervención sinalando que moito se teme que no que queda de xornada aínda quedan algúns minutos máis dedicados a cuestións que non afectan as competencias do Concello.

A sra. Calvo sinala que quería saber se a marcha que se está comentando e anunciando é esa que está empapelando todas as marquesiñas do Concello, porque teñen que aprender a cumprir a normativa, pois lembra que non se pode poñer propaganda nas marquesiñas.

A sra. Diéguez manifesta que ve aos membros do grupo do PP como con celos de que o BNG traia moitas propostas ao Pleno porque acaba de dicir “leva todo o tempo falando o BNG”. Sinala que levan todo o tempo falando porque é o BNG quen trae as mocións, que se o resto quere falar e quere facer propostas son moi libres de facelo, pero que o que non se lle pode dicir é o que ten que traer ou non ten que traer o BNG ao Pleno, ou que pode falar ou que non pode falar, ou se os veciños queren isto ou queren o outro, e que non se lle pode dicir que non a queren oír, porque ela está cobrando no Pleno, ao servizo dos veciños e estanlle pagando por estar. Entón, se ela está cobrando e o sr. Sánchez Crespo tamén, pídlle que polo menos teña a delicadeza de desempeñar a súa función con respecto. Sinala a sra. Diéguez que o BNG trouxo todas as mocións que se presentaron aquí, o BNG falou e o BNG está no seu dereito e ve ao sr. Sánchez moi nervioso e moi atacante co BNG, ao que lle di que se quere traer propostas tamén é libre de facelo. Pide a sra. Diéguez que por favor que non lle diga que se cansa de escoitala, entre outras cousas porque está obrigado a facelo e está cobrando por estar no Pleno.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con seis votos a favor (4 Son de Teo e 2 BNG) e dez abstencións (7 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda:

- 1. Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.**

- 2. Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.**

- 3. Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.**

- 4. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.**

- 5. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.**

- 6. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.**

- 7. Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social**

de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.

8. Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

9. Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

11.- MOCIÓN.

O sr. alcalde sinala que hai unha moción do BNG presentada por rexistro e outra que en nome dun colectivo se presenta por Son de Teo.

11.1.- Moción do BNG de 28 de marzo de 2022, de apoio ao Pobo Saharauí (rex. entrada nº 1440).

A sra. Diéguez sinala que non presentaron antes a moción porque cando se pechou o período para presentala por rexistro para que fosen ao Pleno, Pedro Sánchez aínda non tomara a decisión de darlle as costas ao pobo Saharauí. Salienta que dende o seu grupo pensan que era conveniente traela a este Pleno porque para o próximo ao mellor xa é un pouco tarde e xa estaban os feitos lonxe.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo

municipal do BNG, de 28 de marzo de 2022, de apoio ao Pobo Saharauí (rex. entrada nº 1440).

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.^a Patricia Castelao Ferreiro.

A sra. Castelao da conta da moción do seu grupo de 28 de marzo de 2022 (rex. entrada nº 1.440, de 28/03/2022), que se recolle a continuación.

“Moción de apoio ao Pobo Saharauí

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Diante da decisión do goberno español de asumir a postura de Marrocos de non respectar o dereito de autodeterminación do pobo saharauí, o BNG mostra o total rexeitamento á mesma. Esta supón a asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidental, aceptando o seu plan de autonomía, e que na práctica significa a anexión por Marrocos do territorio saharauí.

Consideramos a postura do goberno español como unha traizón ao pobo saharauí, xa que prégase aos intereses de Marrocos e vai en contra de todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, que unanimemente se teñen pronunciado a favor do dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación, por medio dun referendo entre a súa poboación.

A postura do goberno español supón lexitimar a ocupación por parte de Marrocos, a represión, a violación dos dereitos humanos e o roubo das riquezas existentes en territorio saharauí. Ademais demostra que a política exterior do goberno español se alínea claramente cos posicionamentos dos EUA e Israel, dous estados coñecidos pola súa política imperialista de agresión a outros pobos, e apoio a réximes antidemocráticos, como é o caso da monarquía marroquí.

Esta decisión aumenta a situación de tensión nunha rexión na que a provocación de Marrocos en novembro de 2020, levou ao reinicio do enfrontamento bélico entre os exércitos saharauí e marroquí.

Supón a asunción de parte , e por tanto impide que o estado español poida xogar o papel que lle corresponde no proceso de descolonización como potencia administradora, en base á Carta das Nacións Unidas e aos acordos sobre descolonización da última colonia existente no continente africano.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Mostrar o seu firme apoio ao pobo saharauí, e ao seu único e lexítimo representante o Frente Polisario, na súa loita contra a ocupación militar e polo exercicio pleno do dereito de autodeterminación e a independencia.

2.- Esixir do Goberno español:

a) A rectificación da decisión de asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidental, e polo tanto defender o dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación por medio dun referendo, tal como recoñecen todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, a empezar pola ONU, que unanimemente se teñen pronunciado neste sentido.

b) Que esixa a Marrocos que cese de inmediato a sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios ilegalmente ocupados do Sahara Occidental.

Teo 28 de marzo do 2022

Patricia Castelao Ferreiro (Portavoz Municipal do BNG de Teo)”

Aberta a primeira quenda de intervencións, a concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, reitera a súa opinión con respecto á moción anterior, sinalando que consideran que é unha moción que que non ten moito sentido traer ao Pleno do Concello de Teo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez di que, tendo en conta que versan sobre o mesmo tema, quizais sería convinte plantexar unha única moción engadindo que, polos acordos que se piden, ve máis completa, clara e directa a moción de Son de Teo, xa que, dende o seu punto de vista persoal e polo coñecemento que ten do tema, pode ir máis no sentido de todos. Sinala a sra. Vázquez que non van a votar en contra desta moción porque si que están de acordo en que ao final España ten unha responsabilidade sobre esa parte do Sáhara e o cambio que acaba de dar o goberno socialista non lles parece lóxico.

O sr. Igrexas indica que non terían ningún problema, porén a quen lle correspondería, no seu caso, retirar a moción sería ao BNG, engadindo que en todo caso como

tampouco di nada co que non estean de acordo, o seu grupo a vai a apoiar. Sinala que non ten maior consideración e ningún problema pero a alternativa sería votar as dúas.

As/os concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con seis votos a favor (4 Son de Teo e 2 BNG) e dez abstencións (7 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda:

1.- Mostrar o seu firme apoio ao pobo saharauí, e ao seu único e lexítimo representante o Frente Polisario, na súa loita contra a ocupación militar e polo exercicio pleno do dereito de autodeterminación e a independencia.

2.- Esixir do Goberno español:

a) A rectificación da decisión de asunción da posición e discurso da ditadura marroquí sobre o Sahara Occidental, e polo tanto defender o dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación por medio dun referendo, tal como recoñecen todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, a empezar pola ONU, que unánimemente se teñen pronunciado neste sentido.

b) Que esixa a Marrocos que cese de inmediato a sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios ilegalmente ocupados do Sahara Occidental.

11.2.- Moción de Son de Teo, de 29 de marzo de 2022, sobre a solicitude para que o Goberno Español reconsidere o seu cambio de postura sobre o Sáhara Occidental.

O sr. Igrexas expón que consideran que é de urxencia porque, tendo en conta os movementos políticos que se están producindo a nivel internacional, é o momento de tomar esta decisión.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros,

acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción do grupo municipal de Son de Teo, de 29 de marzo de 2022, sobre a solicitude para que o Goberno Español reconsidere o seu cambio de postura sobre o Sáhara Occidental.

O sr. Igrexas da conta da moción do seu grupo, de 29 de marzo de 2022, que se recolle a continuación.

“MOCIÓN

Solicitude para que o Goberno Español reconsidere o seu cambio de postura sobre o Sáhara Occidental

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de avalar durante décadas o referendo de autodeterminación no Sáhara Occidental como vía para dirimir as reclamacións de Marrocos sobre este territorio, o Goberno Español vén de oficializar un cambio de postura que avoga por converter a República Árabe Saharauí Democrática (RASD) -recoñecida por máis de 80 países- nunha rexión autónoma do reino alauita, pregándose así ás súas demandas e obviando a solución auspiciada por Nacións Unidas.

O Estado Español ten unha responsabilidade ineludible co pobo saharauí tras un pésimo proceso de descolonización que a partir de 1975 facilitou a ocupación do territorio por parte de Marrocos e obrigou á poboación local a fuxir cara Alxeria, onde hoxe máis de 170.000 persoas subsisten como refuxiadas grazas á axuda humanitaria nos campamentos de Tindouf, no canto de vivir dos recursos naturais que tiñan nas súas terras. Mentres tanto, o 80% da que fora a provincia número 53 de España segue invadido por Marrocos, separado por un muro de máis de 2.700 das zonas liberadas pola Fronte Polisario, muro no que desde novembro de 2020 continúa o enfrontamento armado. Nos territorios ocupados, a violación dos dereitos humanos é continua, tal e como denuncian organizacións especializadas pese ao “apagón informativo” que impide acceder e reportar con liberdade deste estes lugares.

Ante esta situación, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade denuncia que os intereses económicos e xeopolíticos non poden estar por enriba do compromiso adquirido co pobo saharauí, ao que o Estado Español non pode abandonar, unha vez máis, á súa sorte. Especialmente, tendo en conta o movemento solidario e a vontade expresada pola sociedade civil en Galicia e noutras comunidades autónomas, que empatizan cunha poboación que ten o castelán como segundo idioma, entre outros moitos nexos de unión.

Por todo o exposto, propoñemos ao pleno do concello de Teo o seguinte ACORDO:

1. Amosar o seu respaldo ao Goberno da RASD e ao pobo saharauí, na defensa dunha saída dialogada ao conflito que supoña a posta en práctica do Plan de Arranxo suscrito en 1991 con mediación da ONU e da Organización para a Unidade Africana.

2. Instar ao Goberno Español a dar marcha atrás no seu recente cambio de postura e avalar o referendo de autodeterminación acordado por ambas as dúas partes, deixando de lado a pasividade no proceso para dar paso a unha aposta decidida por esta solución.
3. Reclamar o cesamento inmediato da violencia e da vulneración dos dereitos humanos que se produce nas zonas ocupadas, instando ás institucións internacionais a que adopten medidas fronte a impunidade coa que Marrocos continúa actuando no Sáhara Occidental.
4. Dar traslado deste acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que a súa vez o fará chegar a Delegación Saharauí en Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do Goberno de España.

En Teo a 29 de marzo de 2022

Asdo. Ignacio Igrexas Vilar

Portavoz do grupo municipal de Son de Teo”

O sr. Igrexas di que esta moción é o froito dunha mobilización a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que é a Asemblea da que forma parte o Concello de Teo, ao igual que douscentos e pico concellos máis e tres das catro Deputacións de Galicia e que basicamente ten unha longa experiencia en cooperación, e con moitas entidades que traballan co Sáhara.

Sinala que a historia do Sáhara é o que pode chegar a ser Ucraína dentro de 40 anos, basicamente invádese, mándaselles a vivir a un campo de refuxiados e a partir de aí o país invasor vende todo o que ten, incluso a area a venden para rexenerar praias, e a violencia e represión e a opacidade que representa Marrocos co Sáhara todo o mundo a coñece. Salaria o sr. Igrexas que de feito neste momento o Sáhara non pode visitalo ninguén, ningún xornalista nin deputados, aquilo é un campo de concentración xigante. Por todo iso pensan que é importante neste momento sumarse a esta campaña do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade no que se pide de algún xeito que o goberno español dea marcha atrás e siga apoiando a vía negociada para a solución do conflito do Sáhara e sobre todo porque como todos coñecen antes falábase de situacións raras pero dende logo o Reino de Marrocos non é unha democracia real, senón un estado ditatorial xigante, e de aí o contido dos acordos que se propoñen.

Pensa o sr. Igrexas que é importante porque precisamente o apoio das entidades locais está referendando un pouco o movemento que o goberno da República Árabe Saharauí Democrática necesita para dalgún xeito sentirse arroupado nesta loita.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do BNG, sra. Castelao, e a concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez di que van a apoiar a moción polo que dixo antes, porque lle parece moito máis completa e que toca a organismos que si que poden traballar máis e que levan traballando xa dende hai moito tempo.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con trece votos a favor (4 Son de Teo, 7 PP e 2 BNG) e tres abstencións (3 PSdeG-PSOE), acorda:

- 1. Amosar o seu respaldo ao Goberno da RASD e ao pobo saharauí, na defensa dunha saída dialogada ao conflito que supoña a posta en práctica do Plan de Arranxo suscrito en 1991 con mediación da ONU e da Organización para a Unidade Africana.**
- 2. Instar ao Goberno Español a dar marcha atrás no seu recente cambio de postura e avalar o referendo de autodeterminación acordado por ambas as dúas partes, deixando de lado a pasividade no proceso para dar paso a unha aposta decidida por esta solución.**
- 3. Reclamar o cesamento inmediato da violencia e da vulneración dos dereitos humanos que se produce nas zonas ocupadas, instando ás institucións internacionais a que adopten medidas fronte a impunidade coa que Marrocos continúa actuando no Sáhara Occidental.**
- 4. Dar traslado deste acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que a súa vez o fará chegar a Delegación Saharauí en Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do Goberno de España.**

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

O sr. alcalde explica que hai rexistrado un rogo que presentara a sra. Lemus por escrito. Posto que a sra. Lemus non se atopa neste Pleno pregúntalles ao resto dos membros do PSOE se queren que se proceda á lectura e resposta a dito rogo, respostando estes afirmativamente.

De acordo co exposto, o sr. alcalde da lectura ao rogo citado. O sr. alcalde sinala que a pregunta presentada fai referencia a se o actual goberno municipal do Concello de Teo ten previsto consensuar co resto das forzas políticas con representación do Concello de Teo os proxectos a incluír na solicitude de axudas estatais para a rehabilitación de edificios, así coma outras subvencións dos fondos Next Generation.

O sr. alcalde di que a resposta é sinxela, que si se ten pensado consensuar todas as propostas que sexan de subvención directa, non aquelas que sexan proxectos competitivos, como é este caso. Explica que nese caso o Concello pode presentar un máximo de dúas propostas, que van por distintas liñas, unha só é posible se os edificios teñen máis de 1.500 metros cadrados, se a rehabilitación supera os 500.000 € ou se a restauración por metro cadrado supera os 500,00 € por metro cadrado, aclara que tería que cumprir dous dos tres requisitos.

Aclara o sr. alcalde que, en todo caso, esas propostas, ben sexa por unha liña ou outra, teñen que ser un anteprojecto que vai a unha concorrència competitiva, polo que vai a depender moito dos criterios fixados no BOE e en principio esas que son propostas non lle ve moito sentido a que se consensúen.

Indica que se saen fondos de utilización do fondo Next Generation que sexan de adxudicación ou asunción directa por suposto que se consensuarían.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

As concelleiras do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- A sra. Castelao refírese aos taxistas do Concello, di que a chamaron e pide que se fale con eles, que se concrete ese contrato que se vai facer co tema do bus, porque non o teñen nada claro. Explica que están preocupados, por iso pide que se fale con

eles, engadindo que ademais de demandar iso tamén demandan o das prazas que foron eliminadas, pois non o entenden moi ben. A sra. Castelao di que ela tampouco sabe por que se fixo, que o tería que explicar o goberno municipal.

Refírese a sra. Castelao ao panel informativo do Supermercado Gadis e di que igual que no Informateo se fai, que por que non se pode poñer unha publicidade do número dos taxistas. Di que descoñece se se poderían anunciar así pero que é algo que reclaman os taxistas, engadindo que reclaman máis cousas, que era bo que se falara con eles e que lle aclarasen todo o que se vai facer ou o que non se vai facer.

2.- Sinala a sra. Castelao que os despachos que están no arquivo seguen coas humidades e vai en aumento. Di que os concelleiros están mirando polos veciños e por eles mesmos, que esas humidades, se entran nos despachos a velas, danse conta. Pide que se mire, salientando que é a terceira vez que fala diso.

O sr. alcalde di que por establecer unha mecánica igual é mellor que se conteste a cada cousa segundo se vaia plantexando, porque senón despois vaise tardar máis.

Responde a sra. López, de Son de Teo, polo tema dos taxistas. Di que fala unhas tres veces á semana cos taxistas, que pode falar máis con eles pero que o proxecto está totalmente explicado aínda que non ten ningún problema en volver facelo. Sinala que non é certo que non fale con eles, engadindo que o ten que deixar claro porque tamén é un tempo que ela inviste como concelleira en adicarlle a eles e que non lle adica a outra cousa.

Sinala a sra. López que o do Taxibus está explicado e, tratándose da pantalla de Cacheiras, di que hai unha política, que se pode cambiar, pero que en principio é anunciar cousas que son directamente municipais. O servizo de taxi non depende directamente do Concello, senón que é unha concesión. Polo tanto, se se anuncian os taxis, que se podería facer, entón terían que anunciarse outras cousas que teñen ese mesmo tipo de formato concesionario.

Con respecto ás dúas paradas que se suprimiran di que estaban suprimidas cando ela chegou ao posto pero o certo é que están ocupadas por prazas de persoas que viven alí, que tamén teñen esa necesidade. Sinala que moi poucas veces pasa pola parada e

están ao completo todas, engadindo que pasa moitas veces por alí. Explica que hai moitas paradas distribuídas, que se tende a pensar que a parada é a de Montouto, pero hai sete paradas no Concello, poden ir a Pontevea, a Casalonga, en fronte do Gadis de Milladoiro, que é de Teo, Tilos e Montouto, é dicir, non todas teñen que estar en Montouto, e mesmo aí moitas veces non están ocupadas.

Insiste a sra. López en que falará con eles outra vez, pero que se teme que hai cousas que non se van a poder producir.

A sra. Castelao aclara que ela non di que non se estea a falar con eles, que xa lle dixeron que se falaba, pero non saben a día de hoxe o que son as taxas que se van aplicar para ese convenio, ou iso foi o que lle comentaron, polo que pensa que non debe de estar moi ben explicado cando llo comentan a ela.

A sra. López sinala que asume totalmente a explicación e a reiterará, que por iso non haberá problema.

O sr. alcalde, tratándose do tema das humidades, pídelles á sra. Castelao que fale directamente co arquitecto municipal, porque el lle asegura que alí non as hai, que iso non son humidades, que non é ningún fallo estrutural. Sinala que como tecnicamente non lle pode responder, sería mellor que llo comentara ao técnico municipal. Insiste en que non é falta de preocupación por parte del, senón que é porque o técnico lle di que non hai problema. Calquera actuación que o Concello teña que facer aí será a través dos técnicos municipais, e eles din que aí non hai ningún problema, aínda que exista esa coloración sobre o chan, din que non é unha humidade.

3.- A sra Castelao fala do tema da Cascalleira e di que están moi preocupados. Pide que se vaia falar con eles, pois comentaron que cando estaba a sra. Lemus falou con eles e lles dixera que si, que ao mellor se podía poñer o dobre sentido pero fai tempo que xa non falan con ela. Reitera que estes veciños están moi preocupados por como está ese proxecto e como vai quedar a carreteira, polo que se debería ir a falar con eles, engadindo que hai solucións alternativas que se poden valorar, pero polo menos se debería de falar con eles.

O sr. alcalde di que hai dous tipos de cuestións, e unha é a falta de finalización das obras, que por riba aínda con estes días de folga dos transportistas houbo falta de materiais e estiveron semana e media todas as obras do Concello paradas. Sinala que é certo que se está atrasando todo máis do debido e que se debía ir acabando unha zona para empezar outra, pero o director de obra fai o que pode, e nese sentido na medida en que se van cumprindo os prazos tampouco se pode denunciar o contrato.

Sinala o sr. alcalde que doutra banda está o problema do dobre sentido. Explica que o proxecto, que foi aprobado polo Pleno, ten uns condicionamentos enerxéticos e de accesibilidade moi determinados e non se pode cambiar agora porque si, e non cree que a sra. Lemus puidera dicir que iso podía ser de dobre sentido porque o proxecto non o permitía, e os veciños o saben perfectamente porque se lles explicou en varias ocasións. Reitera o sr. alcalde que unha cuestión é o tema da obra, que poden ser máis áxiles na solución ou non, de feito todos os problemas que se foron plantexando está acordada a súa solución, e uns resolvéronse e outros non, pois había unha demanda interposta que xa se retirou porque xa se chegou a acordo con un dos propietarios, e o resto das historias tamén están todas aceptadas, aínda que é certo que o que é a solución leva máis tempo do que inicialmente se consideraba.

A sra. Castelao di que ela non falaba tanto dos materiais, porque xa todo o mundo coñece o tema do transporte, senón que se refería máis que nada a iso, ao do dobre sentido da carreteira, que ao mellor se pode barallar un pouco aínda que fose aprobado o proxecto.

O sr. alcalde responde que iso é causa directa de perda da subvención europea. O que si se pode facer, que é unha das cuestións que xa se lles expresara e que se estivo discutindo, era se o sentido era ascendente ou descendente pero nunca a posibilidade de dobre sentido.

A sra. Castelao pensa que ao mellor habería que explicarllo ben as veciños, que descoñece se en todo este proceso da obra houbo reunións con eles ou non, pero os veciños queren dobre sentido.

O sr. alcalde di que se fará outro esforzo de explicación.

4.- Manifesta a sra Castelao, con respecto ás beirarrúas, que hai moitas zonas do Concello nas que entre a estrada e a beirarrúa están saíndo toupas. Por exemplo por Mouromorto.

O sr alcalde pregunta que sitio de Mouromorto, porque aí non hai beirarrúa, senón que ten unha reurbanización do núcleo interior.

A sra Castelao explica exactamente en que punto, sinalando que é pola estrada que vai de Mouromorto a Cornide e a Espasande, a carón do número 71.

O sr alcalde sinala que se irá a mirar para ver o que pasa, pois non deberían de saír toupas despois dunha reurbanización, e ademais aí está feito o firme, a beirarrúa, é dicir que é raro, polo que algo pasa aí.

5.- A sra. Castelao pide que se revisen algunhas carballeiras porque habería que repasar un pouco os carballos.

O sr. alcalde pregúntase se se refire á pública.

A sra. Castelao di que non o sabe.

O sr. alcalde refírese sinala que a carballeira de Cornide é privada e a de arriba é pública.

O sr. Igrexas indica que xa están podadas e que en principio as árbores teñen cada unha delas unha ficha, e un estudo feito, pero que sempre poden caer árbores e que de feito hai algún que se vai a sacar.

6.- A sra. Castelao di que se queixaron algúns veciños de que limparon a capela de Cornide e que ao limpala deixaron a estrada chea de restos, que non limparon ben por alí. Sinala que iso é o que lle comentaron, engadindo que lle mandaron fotos.

O sr. Igrexas di que en principio non se recollen, pois habería que tratalos como residuos.

7.- A sra. Diéguez fai referencia ao convenio que se asinou coa FEGAMP e coa Consellería de política social para empregar os fondos europeos en construción de

centros de día ou centros sociais, nos municipios de menos de 20.000 habitantes. Quería deixar claro e constancia no Pleno que o BNG leva moitísimos anos demandando que se constrúa un centro de día no Concello de Teo, e polo tanto fan o rogo para que o Concello estude a posibilidade de presentar un proxecto para solicitar esas axudas, ou esa construción dun Centro de Día.

O sr. alcalde di que isto se tratou nunha Xunta de portavoces. Pregúntalle se está pedindo que a Xunta lle faga un Centro de día ao Concello e este se encargue de contratar a todos os especialistas do centro de día. Porque a opción que da a subvención é esa, que o Concello tería que manter o Centro, pero iso é inasumible, pagar a dez ou doce persoas que necesita un centro dese tipo, establecido como tal, con esa categoría, e con eses servizos que ten que dar e que depende dos servizos sociais da Consellería, do Consorcio.

Explica que outra alternativa que se valorara, e que pensa que unanimemente alí se vía que era viable, era construír un centro social para a terceira idade que é o que moitas veces se lle chama centro de día. É dicir, un centro no que existe unha persoa dinamizadora ou dúas, en quendas, un gasto de persoal que xa sería máis asumible, e que valera de punto de encontro para centralizar as actividades que se fan coas persoas maiores. Di o sr. alcalde que pensaba que era unha posición unánime da xunta de portavoces, que non se lle podía pedir á Xunta que construíse un Centro de día que costa 600.000 euros ou 700.000 euros e despois que o Concello se ocupe da xestión, porque pensa que é unha función que o Concello non vai poder facer, porque non é unha función básica do Concello. Por iso se optou pola construción dun centro social da terceira idade.

O sr. Guerra di que pensa que foi algo que quedou un pouco no aire.

O sr. Igrexas manifesta que hai outro tema, que é un tema competencial e outro de documentación. Se se mira, se se estuda hai unha cuestión básica que é que se pide un plan económico viable, sustentable. Facer un plan económico de viabilidade de un Centro de Día agora mesmo sería con fondos propios, entón habería que comprometer os fondos propios do Concello porque non habería outra vía. Doutra banda está o tema real, do que falaba o sr. alcalde, que a Xunta constrúe un recurso do Sistema de

dependencia e o Concello xestiónao, pero é un recurso do sistema de dependencia, co cal a entrada, saída e xestión das prazas segue sendo dese sistema, que é autonómico. Pensa o sr. Igrexas que non é vía viable e o tema competencial está un pouco por aclarar pero tampouco o ven claro.

A sra. Diéguez pide que se estude, que se faga un proxecto, que se vexa a viabilidade porque pensa que o que se necesita son documentos e datos e se non se fai o plan pois non se pode ter algo en que fundamentarse. Sabe que o Concello non ten competencias pero tamén pode cambiar o goberno nalgún momento e a Xunta asumir as funcións que ten que asumir e que debería de asumir e que non está asumindo. Salienta que o que si é verdade é que no Concello de Teo hai moitísima poboación dunha determinada idade e que é unha infraestrutura que é necesaria.

O sr. alcalde di que niso están totalmente de acordo, pero ponlle como exemplo o caso de que se precisase un centro de saúde e a Xunta o construíra pero despois o Concello tivera que poñer os médicos. Pregúntalle á sra Diéguez se estaría disposta a asumir ese custo. Di que hai que pensar non só se o Concello estaría disposto a manter economicamente dez ou doce especialistas dun Centro de día, senón se a Secretaría permitiría contratalos, por exemplo, posto que é unha función que non é municipal, senón doutra Administración.

O sr. Igrexas di que o que se falou na Xunta de portavoces era evidente. Os números non se fixeron porque non daba tempo, pero Teo non é o único Concello nesta situación, senón que a persoa interlocutora da FEGAMP lle recoñeceu que é un problema que teñen moitos máis concellos.

Sinala o sr. Igrexas que o Concello tería que facer un compromiso de gasto para pagar máis ou menos a catorce empregados, segundo as ratios que hai.

O sr alcalde pon de exemplo o Centro de día de Dodro e di que Teo non podería facer un máis pequeno que ese.

O sr. Igrexas aclara que evidentemente non habería catorce traballadores xuntos, pero que hai vacacións e se hai 8 ca un deles ten dereito a un mes de vacacións ao ano, e hai baixas, entón ao final hai que contratar a 9. E logo hai que incluír ós técnicos, que

se falaba duns cinco, traballadora social, psicóloga, fisioterapeuta, enfermeira, e a dirección. Di que esa é a dotación do Centro de día que ten neste momento Dodro e incluso o centro a onde van os usuarios de Teo, que é o de Rois, en Urdilde.

O sr. Igrexas di que descoñece o que se está a facer na privada, engadindo que na pública é así. Explica que o equipo técnico de servizos sociais fixo un bo traballo a nivel de buscar unha dotación mínima e coñécese o custo. Aparte habería que facer un compromiso para que o proxecto de estabilidade do servizo fose asumido, porque é o que piden.

Sinala que neste senso o que se vai a pedir a construción dun centro social da terceira idade, que dea servizo, que si que é unha competencia do Concello e que se pode.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

As/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE non formulan rogos nin preguntas.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Sánchez di que vai a recapitular cousas de tres ou catro meses anteriores abordadas no Pleno. Refírese á humanización do centro de Luou e pregunta se hai algunha novidade.

O sr. alcalde di que é bastante complexa a historia. Explica que nesa humanización, que comezou sendo solicitude dun paso de cebra para poder cruzar cara ao parque e demais, os técnicos da Deputación da Coruña consideraban que nesa estrada non se podía facer un paso de cebra, nin lomos nin nada. Pero é alucinante que en Pontevedra os técnicos daquela deputación enchan unha estrada provincial de lomos, pasos de cebra elevados, pero a de Coruña non.

Sinala que se lle expuxo directamente ao presidente da Deputación, plantexóuselle unha discriminación grande que sentiamos con respecto aos convenios con outros concellos, e a única posibilidade que dou foi a elaboración dun convenio no que o Concello fixera un proxecto, ese proxecto sería financiado pola Deputación e no

mesmo acto cederíase ese tramo de estrada, entre a entrada e saída de Luou, ao Concello.

Explica o sr. alcalde que ese proxecto está redactado en fase de borrador para análise de Patrimonio e leva en Patrimonio case catro meses. Salienta que é unha base fundamental, o tratamento, de aí ten que ser moi acorde co de Patrimonio. Sinala que tampouco se informou máis porque ata que se teñan os condicionantes que Patrimonio pon en base ao anteprojecto que se presenta non se pode facer moito máis. O sr. alcalde di que espera que neste mes que entra resolvan por fin a comisión e se poida presentar e discutir e levar a cabo.

O sr. Sánchez, despois de agradecer a explicación, amósase sorprendido por toda a información facilitada. Di que se reuniron, se mal non lembra, cos veciños no verán do 2019 e pediuse esa humanización. Que dous ou tres días despois desa reunión a sra. Lemus dixo publicamente ademais que o PP viña a pedir algo que ela xa conseguira na Deputación, e que se ía facer unha humanización na zona. E agora estase a enterar de que nin sequera os técnicos consideraban a posibilidade de facer un paso de cebra. Polo tanto, entende, era unha mentira coma unha catedral, que lles meteron unha mentira primeiro a eles e logo a todos os veciños. Insiste o sr. Sánchez en que está totalmente abraiado e espera unha explicación da sra. Lemus.

2.- Pregunta o sr. Sánchez pola pista que vai de Espasande a Insua, por todo o lugar por onde se está facendo a beirarrúa, e sinala que a raíz das obras aquilo está quedando en bastante mal estado.

O sr. alcalde di que esa é a obra que Son de Teo indicou como segunda obra seleccionada no Plan da Deputación. Espera que se poida incorporar dentro, e máis ou menos quedaría nos 370.000 ou 400.000 €, co cal tería entrada por esa vía.

3.- O sr. Sánchez pregunta pola Horta do cura, se hai novidades, ou previsión de datas.

O sr. alcalde di que parece que por fin se arrancou, e que en mes e medio, a mediados de maio, debería de estar rematada. Descoñece a xardinería o que tardaría, pois se se fai unha plantación tardaría un tempo máis pero a obra rematada e entregada sería nese tempo que citou.

4.- O sr. Sánchez refírese a unha baranda, pola Ribeira, en Cacheiras, que está en mal estado.

O sr. alcalde di que está encargada.

O sr. Igrexas di que non é unha baranda, senón unha cinta. Di que está contratada e tiña que estar posta xa, pero o carpinteiro está de baixa. Informa o sr. Igrexas de que en todo caso vanse recuperar todas porque do outro lado tamén está mal.

5.- O sr. Sánchez pregunta polos problemas de parking dos comerciantes de Cacheiras, que se comentou en máis dun Pleno, e pregunta se se avanzou algo.

O sr. alcalde di que non hai nada significativo e di que calquera iniciativa que alguén teña que se admitirá moi ben.

A sra. López di que tanto ela coma o sr. alcalde estiveron mirando sobre plano algunha posibilidade, que agora estaban agardando a que se constituíse a asociación de comerciantes para poder facer unha xuntanza cos representantes, sobre todo porque ao parecer podería ser que pola súa parte tivesen algunhas ideas. Sinala que non é doado porque é un corredor amplísimo, dende o veterinario polo menos ata o Betos, que daría para tres fincas case, pero se se comeza por algo xa é un éxito.

6.- O sr. Guerra refírese á Cascalleira e di que os veciños presentaron no seu día unha posible alternativa ao chamado Camiño seguro da Cascalleira, o cal non gustou. Di que se fixo unha obra a contragusto da maior parte da veciñanza, que case ninguén quería aquilo, e dille á sra. Castelao que se esqueza da dobre dirección porque está concebida para unha soa dirección, que foi un capricho da sra. responsable de urbanismo e así foi e así vai quedar, igual que as sendas que van para Bamonde, que van invadindo a que xa era unha estrada estreita, ou igual que a senda que vai pola ponte do Secal, que haberá que sacala ou facer outra estrada ou dirección única, e igual á de Rarís, e moitas outras.

7.- O sr. Guerra pregunta pola estrada que vai de Agoso a Santa Eufemia, da que xa falou máis veces, e pide que polo menos se bachee. Di que ata pedira que se ancheara un pouco e se puxeran unhas farolas, que son 300 metros, pero que agora pensa que polo menos bacheala.

8.- O sr. Guerra pregunta pola carreteira que vai por Cornide e enlaza con Bascuas.

9.- O sr. Guerra pregunta por Sebe, en Cacheiras, onde di que unha señora coa que falou lle pide un parque infantil, pois hai un grupo duns seis nenos, e na masa común que hai alí se podería mirar de se é posible facer algo, onda a casa de Ramón de Coto.

O sr. Igrexas di que o problema dos parques é que non se pode facer un en cada sitio que haxa sete nenos, porque hoxe hai sete e mañá cinco ou vinte. Considera que hai que facer parques cada vez máis centralizados porque cada vez son máis caros ao precisar máis medidas de seguridade. Sinala que el non é partidario de ir poñendo pequenos parques senón de reforzar mellor os que hai e facer parques grandes, porque a experiencia de Calo dilles que a xente leva ós rapaces ós parques grandes e faino en coche.

Sinala que nos parques pequenos hai un problema serio con eles, que é o mantemento. Neste momento descoñece cantos quedarán, pero había os parques que non cumpren ningún tipo de medida de seguridade, e que non teñen nin espazo.

O sr. Guerra di que eran outros tempos e que case chegou a haber un en cada aldea.

O sr. Igrexas sinala que os tempos aqueles de poñer un columpio en cada aldea levou a que logo houbo que quitalos porque o que se precisa é un parque, que a xente vai a onde hai nenos.

10.- O sr. Guerra sinala que en Noceda, no número 16, unha señora maior quíxase de que o camiño está invadido de maleza. Sinala o sr. Guerra que de todas formas a aldea está toda en moi mal estado.

11.- O sr. Guerra di que os veciños da Hermida queren alcantarillado e auga, que a ver cando é posible.

O sr. alcalde di que a auga cando queiran, e sr. Guerra responde que o que máis lle preocupa é o saneamento.

12.- O sr. Guerra refírese á escola de Tras do Eixo e sinala que había un socavón e ao parecer tapouse, quere confirmar que sexa así.

O sr. Igrexas confírmalle que si.

13.- O sr. Guerra sinala que detrás da escola de Tras do Eixo hai un bache.

O sr. Igrexas di que si é certo que está moi deteriorada, que a arranxou un pouco a cuadrilla, repasando os buratos máis grandes, para saír do paso.

13.- A sra. Vázquez pregunta se o aparcadeiro que hai xunto á pescadería Plaza, en Cacheiras, é privado ou é dos edificios.

O sr. alcalde di que pensa que é privado, sinalando que en todo case se comprobará.

A sra. López tamén di que aseguraría que é privado aínda que se mirará.

14.- A sra. Castro pide a retirada dun niño de velutina en Balcaide.

O sr. alcalde di que hai un mecanismo para iso, que para que o Concello retire calquera niño, primeiro a persoa interesada ten que chamar a un teléfono da Xunta, onde levan o rexistro da zona e distribúen, dependendo das características.

A sra. López di que de todas formas hai moitos niños que quedaron á vista pero que xa non están ocupados. Pide que se confirme ben.

O sr. Igrexas di que ademais agora mesmo, dende novembro, pode haber actividade residual pero nada máis, e que de feito están a desfacerse co vento e ca choiva.

15.- A sra. Castro pregunta polos trámites do semáforo sonoro do que se falara.

O sr. alcalde pide desculpas e di que daquela mirara algo pero que o ten bastante despistado. Pídelle á sra. Castro que por favor lle dea unha chamada na semana vindeira para asegurarse.

16.- A sra. Castro pregunta tamén polo formigón da zona da Cascalleira, o do final de todo, que vai case á saída da estrada nacional. Di que xa está deteriorado, que se está a facer unha fochanca, e aínda a obra está sen rematar.

O sr. alcalde di que mirarán o que pasa.

17.- Sinala a sra. Castro que, aínda que sabe que a obra está sen rematar, xusto no cruce da saída da Nacional, onde hai unha valla provisional, avisáronlle de que entrou máis dun coche cara arriba. Salienta que o problema é que ao chegar ao medio faise un tapón.

A sra. López di que é certo, que lle avisaron o outro día, e que xa se falou coa Policía local, porque seica a valla estaba caída, pero de todas formas hai un sinal de dirección prohibida, co cal saltáronse dúas prohibicións, a valla e o sinal. Sinala que ao mellor é que se despista a xente, porque indicado está.

18.- A sra. Calvo di que os taxistas tamén falaron co PP, que xa levan tempo o tema e agora coa situación económica cúmprelles aceleralo.

A sra López di que ese de todas formas é outro tema distinto do que falaba a sra. Castelao. Neste caso refírese á subida de taxas e sinala que ela, como concelleira, xa se reuniu con eles esta semana por ese tema. Como se fixo noutras ocasións, e seguindo as indicacións de Secretaría, pídeselles un informe que eles teñen que pedir a un organismo de Coruña. É un informe dunha perspectiva de como foi o aumento do gasoil, un informe que non depende dos políticos nin dos taxistas e que nunca se presentou ao Concello. Sinala a sra. López que, se o precisan, llo volverá e explicar aos taxistas e incluso pode pórse en contacto con ese organismo de Coruña, pero ese informe ten que estar si ou si.

O sr. alcalde di que se lles ensinou o anterior informe, o do 2016. A sra López confírmalo e di que naquela ocasión entregáranlo. Di que ao parecer os taxistas piden que lle valga este informe, pero claro, dende o 2016 ao 2022 son bastantes anos, precisamente ademais é polo propio beneficio deles, que o presenten actualizado, porque a suba que se produciu foi no combustible. Entende que os procesos administrativos son moi longos para eles e que se desesperan, pero que é un trámite que non se pode saltar, e que ela o que non pode facer é levar ao Pleno unhas taxas que lle apeteza sen máis para aprobar.

A sra. Calvo pídelles de todas formas que volva falar con eles. Di que tamén lle comentaron o tema do que falou a compañeira do BNG, polo que non vai repetir o mesmo que ela dixo. Que habería que falar con eles e intentar solucionar eses

problemas o antes posible, e que de todas formas ela tamén tentará remar cara ao mesmo sitio, con respecto ao informe que se require.

19.- A sra. Calvo pregunta polo cruce de Espasande, en Luou, que ao facer o stop á man dereita os veciños din que os contedores están situados de tal xeito que non teñen visibilidade, pero non queren cambialos de onde están, porque hai xente maior e aquel sitio vénlles ben, polo que piden que se poña un espello.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz